



Guía Docente

Datos Identificativos					2021/22
Asignatura (*)	Literatura Galega e Estudos Socioculturais	Código	613G02032		
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5	
Idioma	Galego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Galego-Portugués, Francés e LingüísticaLetras				
Coordinación	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme	Correo electrónico	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es		
Profesorado	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme	Correo electrónico	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es		
Web	www.udc.es/filo				
Descrición xeral	Estudo da literatura galega desde a perspectiva dos estudos de xénero, sistémicos, identitarios, emerxentes, etc. Neste curso académico, a análise dos textos literarios realizarase a partir do paradigma dos estudos de xénero.				
Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Non haberá modificacións 2. Metodoloxías Non haberá modificacións. *Metodoloxías docentes que se modifican As sesións maxistras serán realizadas a través de Teams; así como os obradoiros e a análise de fontes documentais que non sexan individuais. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado: a través do correo electrónico carne@udc.gal 4. Modificacións na avaliación Non hai. *Observacións de avaliación: Non hai 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non hai				

Competencias do título

Código	Competencias do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A4	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.
A7	Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.



A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A17	Ter un coñecemento avanzado da literatura galega.
A18	Ter un coñecemento avanzado da literatura portuguesa.
A19	Coñecer a historia e a cultura das comunidades galegofalantes.
A20	Coñecer a historia e a cultura das comunidades lusófonas.
A23	Coñecer a situación sociolingüística da lingua galega.
A27	Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua galega.
A28	Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua portuguesa.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Saber analizar el papel del género en la organización de la vida pública y de la vida privada a través de fuentes literarias.	A2	B3	C4
	A3	B5	C6
	A4	B7	C8
	A10	B8	
	A11	B10	
	A14		
	A15		
	A17		
	A18		
	A19		
	A20		



Adquirir a capacidade de utilizar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais	A1 A2 A3 A4 A7 A10 A11 A14 A15 A17 A19	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10	C1 C3 C4 C6
Comprender os procesos históricos do estudos literarios e culturais e as súas mudanzas de paradigma.	A1 A4 A7 A10 A11 A14 A15 A17 A18 A19 A27	B2 B3 B5 B7 B8 B10	C1 C3 C4 C6 C7 C8
Adquirir as habilidades necesarias para analizar e interpretar os mecanismos dos procesos da creación literaria.	A1 A2 A4 A10 A11 A14 A15	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10	C1 C3 C4 C6
Coñecer e valorizar a diversidade cultural, con especial atención ao ámbito galego-portugués.	A11 A14 A15 A17 A19 A20 A23 A27 A28	B3 B5 B7 B8 B9 B10	C4 C6
Analizar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos.	A1 A2 A4 A11 A14 A15	B1 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10	C1 C4 C6 C7



Realizar achegas creativas e orixinais na análise dos textos literarios, dos produtos artísticos e das realidades culturais.	A1 A2 A4 A9 A11 A14 A15	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10	C1 C4 C6 C7
Saber realizar unha análise crítica da literatura e os discursos como un medio de construción da feminidade e da masculinidade, así como dos roles e estereotipos de xénero asociados a estas identidades nas diferentes épocas.	A2 A4 A11 A14	B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10	C1 C4 C6 C7
Saber empregar o xénero e a sexualidade como categorías de análise das representacións da subxectividade inscritas nos textos literarios.	A2 A4 A11 A14 A15	B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10	C4 C6 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
1.- Literatura e estudos de xénero	1.1. Introducción: A teoría feminista e a redefinición da realidade 1.2 O concepto de xénero e as achegas metodolóxicas dos estudos feministas.
2. Crítica literaria e pensamento feminista	2.1. Nesgos de xénero no estudo da literatura 2.2. Canon e androcentrismo 2.3 Feminismos e crítica literaria
3. Aproximación a textos literarios galegos desde unha perspectiva de xénero	3.1. A obra de Rosalía de Castro: a construción da identidade fronte á norma 3.2. Imaxes de mulleres e discurso de xénero na narrativa de Ramón Otero Pedrayo e de Alfonso R. Castelao 3.3. Eduardo Blanco-Amor: unha reflexión sobre xéneros, identidades e estereotipos 3.4. M ^a Xosé Queizán: cuestionamento de estereotipos e das identidades de xénero desde o discurso feminista

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A1 A3 A7 A10 A11 A17 A19 A2 A4 A9 A14 A15 B2 B9 B3 B4 B5 B7 B8 B9 C3 C1 C4 C6	8	16	24



Lecturas	A1 A18 A20 A23 A27 A28 B1 B5 B6 B8 B2 C3 C6 C4 C7	0	16	16
Discusión dirixida	A2 A4 A14 A15 A1 A11 B3 B4 B5 B8 B10 B10 C4 C1	8	0	8
Actividades iniciais	B8 B9 C1	1	0	1
Eventos científicos e/ou divulgativos	B3 B8 B5 C8 C7 C6	2	2	4
Proba de ensaio	A17 A2 A4 A9 A11 A14 A15 B5 B7 B1 B3 B6 B8 C1 C3 C6 C4	2	20	22
Solución de problemas	A1 A10 A17 A2 A4 A9 A11 A15 B6 B3 B5 B8 C4 C1	2	14	16
Sesión maxistral	A1 A7 A17 A19 A20 A27 A1 B5 B8 B9 C6 C8	10	10	20
Atención personalizada		1.5	0	1.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Como actividade derivada das sesións maxistras, o alumnado terá que analizar textos (teóricos ou de creación) ou outro tipo de materiais (filmes, hipertextos, etc). Isto implicará un traballo previo que requirirá un esforzo na actividade non presencial.
Lecturas	Será preciso realizar para cada sesión e nos prazos determinados unha serie de lecturas básicas, así como as necesarias para a realización dos traballos.
Discusión dirixida	Ao longo de varias das sesións do curso, desenvolveranse discusións, moderadas pola profesora, sobre algún dos aspectos do temario. Para poder participar axeitadamente, será imprescindible ter realizado as lecturas previas definidas para cada sesión.
Actividades iniciais	Toma de contacto para coñecer o nivel de coñecementos, intereses, motivacións, etc.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Asistencia e participación a eventos relacionados coa materia que se realicen na propia facultade ou noutros lugares accesíbeis para o alumnado.
Proba de ensaio	Cada estudante terá que elaborar un breve ensaio sobre algún aspecto relacionado co temario, cuxa orientación e características formais seguirán as indicacións establecidas previamente pola profesora. Esta actividade permite avaliar a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de redacción e de orixinalidade da/do estudante. Implica, por tanto, un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.
Solución de problemas	Como complemento ás sesións maxistras e ás actividades prácticas presenciais, o alumnado deberá realizar (fóra da aula) unha serie de actividades prácticas ou traballo tutelado sobre os contidos traballados nas aulas presenciais que deberá entregar á docente nas datas marcadas.
Sesión maxistral	Exposición da profesora co fin de introducir o contexto teórico e cultural do tema correspondente, así como os fundamentos teóricos e metodolóxicos da materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Análise de fontes documentais	Através destas metodoloxías avaliarase a evolución individual de cada alumno ou alumna, de maneira que en calquera momento se podan activar mecanismos compensatorios ou de consolidación de coñecementos ou destrezas.
Proba de ensaio	Á beira do labor de titorización realizado no horario de atendimento marcado pola profesora responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida fundamentalmente para o apoio á realización dos traballos tutelados. De maneira xeral, cada estudante asistirá, polo menos, a unha sesión de atendimento previa á entrega da proba de ensaio final.
Sesión maxistral	
Lecturas	
Discusión dirixida	Esta atención personalizada tamén está contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudantado matriculado para se examinar na oportunidade adiantada de decembro.
Solución de problemas	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	A1 A3 A7 A10 A11 A17 A19 A2 A4 A9 A14 A15 B2 B9 B3 B4 B5 B7 B8 B9 C3 C1 C4 C6	O alumnado terá que analizar en clase textos (teóricos o literarios) ou outro tipo de materiais (filmes, hipertextos, etc). Isto implicará un traballo previo que requirirá un esforzo na actividade non presencial.	15
Proba de ensaio	A17 A2 A4 A9 A11 A14 A15 B5 B7 B1 B3 B6 B8 C1 C3 C6 C4	Cada estudante terá que elaborar un breve ensaio sobre algún aspecto relacionado co temario, cuxa orientación, dimensións e características formais seguirán as indicacións establecidas previamente pola profesora. Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor no desenvolvemento do tema seleccionado, así como a clareza expositiva e expresiva.	40
Discusión dirixida	A2 A4 A14 A15 A1 A11 B3 B4 B5 B8 B10 B10 C4 C1	Avaliarase a participación activa nas sesións prácticas dedicadas á posta en común de cuestión e problemas previamente plantexados pola profesora. Para poder participar axeitadamente, será imprescindible ter realizado as lecturas previas definidas para cada sesión.	20
Eventos científicos e/ou divulgativos	B3 B8 B5 C8 C7 C6	Valorarase a participación nestes eventos a través da realización de fichas resumo e/ou comentarios que se entregarán á profesora.	5
Solución de problemas	A1 A10 A17 A2 A4 A9 A11 A15 B6 B3 B5 B8 C4 C1	Actividades prácticas non presenciais que deberán ser entregadas nos prazos marcados. Avaliarase o correcto desenvolvemento das instrucións indicadas, a aplicación dos contidos teóricos á práctica, para alén da corrección na análise e na expresión escrita.	20

Observacións avaliación



1. OBSERVACIÓNS XERAIS DE AVALIACIÓN

1.1. Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos no conxunto de actividades que compoñen a avaliación.

1.2. O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado.

1.3. Todas as actividades deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal...). As deficiencias lingüístico-expositivas serán penalizadas na cualificación.

2. AVALIACIÓN DA SEGUNDA OPORTUNIDADE (XULLO)

2.1. Aquel alumnado que non superase a materia con anterioridade, terá que presentar os exercicios escritos que non fosen avaliados positivamente e mais o traballo tutelado. A data límite de entrega será a marcada para o exame do mes de xullo.

2.2. Na 2.ª oportunidade o alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na oportunidade anterior, aínda que con certa variación sobre as porcentaxes xa que non se poderán ter en conta as actividades de carácter presencial (Análise de fontes documentais, Discusión dirixida e Participación en eventos científicos). Así, a valoración estará composta polo 50% das actividades englobadas no apartado "Solución de problemas" (que incluíra unha presentación oral) e o 50% da "Proba de ensaio", que deberá ser tamén presentada de modo oral. A entrega dos traballos, así como a realización das presentacións, terán lugar na data oficial marcada pola Facultade de Filoloxía.

3. ALUMNADO A TEMPO PARCIAL OU CON DISPENSA ACADÉMICA

O alumnado que estea matriculado a tempo parcial ou que conte con dispensa académica terá condicións especiais de avaliación: 1. Solución de problemas: 25% 2. Proba de ensaio: 50%, que incluíra unha presentación oral 3. Análise de fontes documentais: 25% (presentación dun comentario escrito e doutro oral) Para fixar as datas das presentacións orais o alumnado deberá poñerse en contacto coa profesora (carne@udc.gal) nas dúas primeiras semanas do curso. 4. AVALIACIÓN DA OPORTUNIDADE ADIANTADA DE DECEMBRO Nesta oportunidade adiantada cada estudante será avaliado/a de modo similar á segunda oportunidade (xullo). A valoración estará composta polo conxunto de actividades (50%) que se engloban na epígrafe de "Solución de problemas" (e que incluíra unha presentación oral) e o 50% da "Proba de ensaio", que deberá ser tamén presentada de modo oral. A entrega dos traballos, así como a realización das presentacións, terán lugar na data oficial marcada pola Facultade de Filoloxía.

5. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO/A Considerarase como NON PRESENTADO/A o/a alumno/a que non entregue o traballo final obrigatorio ou non realice a proba escrita. 6. ALUMNADO A TEMPO PARCIAL E CON DISPENSA ACADÉMICA O alumnado matriculado a tempo parcial e con dispensa académica de exención de asistencia concedida deberá pórse en contacto co profesorado da materia no inicio do curso académico para planificar, en cada situación concreta, os axustes necesarios na avaliación no tocante ás actividades presenciais (que serán substituídas por outras non presenciais equivalentes). Así mesmo, aquel alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás aulas debe tamén contactar co profesorado responsábel. 7. OUTRAS PRECISIÓNS

Todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado en Moodle).

Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Blanco, Carmen (1995). Nais, damas, prostitutas e feirantas . Vigo: Xerais - Blanco, Carmen (1995). Literatura galega da muller. Vigo: Xerais - Castro, Olga / Reimóndez, María (2013). Feminismos. Vigo: Xerais - García Negro, M^a Pilar (2010). O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo . Santiago: Sotelo Blanco - González Fernández, Helena (2005). Elas e o paraugas totalizador. Vigo: Xerais - Varela, Nuria (2005). Feminismo para principiantes. Barcelona: Ediciones B Libro - Martín, Sara (2007). &quot;Los estudios de la masculinidad. Una mirada al hombre a partir del feminismo&quot; en Meri Torras (ed.), Cuerpo e identidade I. Barcelona: Edicions UA <p>A profesora fornecerá, na aula e/ou a través da plataforma Moodle, unha selección de textos literarios e críticos que o alumnado deberá ler nos prazos fixados.</p>
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Amorós, Celia (coord.) (1994). Historia de la teoría feminista . Madrid: Instituto de Investigaciones feministas de la UCM /Dirección general de la Mujer - Asociación Socio-Pedagógica Galega (ed.) (1996). Historia da Literatura Galega 5 vols.. Vigo: Asociación Socio-Pedagógica Galega / A Nosa Terra - Beltrán, Elena et alii (eds) (2001). Feminismos. Debates teóricos contemporáneos. Madrid: Alianza - Bernárdez, Carlos L. / Insua, Emilio X. / Millán, Xosé M. / Rei, Manuel / Tato, Laura (2001). Literatura galega. Século XX. Vigo: A Nosa Terra - Blanco, Carme (1995). O contradiscurso das mulleres. Historia do feminismo. Vigo: Nigra - Fariña Busto, M^a Jesús / Suárez Briones, Beatriz / Martín Lucas, M^a Belén (eds.) (2005). Escribir en femenino. Poéticas e políticas . Barcelona: Icaria - Forcadela, Manuel / Noia, Camiño (coords.) (2011). Cara a unha poética feminista. Homenaxe a María Xosé Queizán. Vigo: Xerais - García Negro, M^a Pilar (2001). Arredor de Castelao. Vigo: A Nosa Terra - González Fernández, Helena (2009). Género y nación : la construcción de un espacio literario . Barcelona: Icaria - Macedo, Ana G. / Amaral, Ana L. (orgs.) (2005). Dicionário da crítica feminista. Porto : Edições Afrontamento - Moure, Teresa (2012). Queer-emos un mundo novo. Sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificacións . Vigo: Galaxia - Pena Presas, Montse (2018). Feminismos e literatura infantil e xuvenil en Galicia. Santiago de Compostela: Laiovento - Queizán, M^a Xosé (2008). Anti natura. Vigo: Xerais - Rodríguez Sánchez, Francisco (1993). Eduardo Blanco-Amor. O desacougo da nación negada. Vilaboa-Pontevedra: Ed. do Cumio - Vilavedra, Dolores (1999). Historia da Literatura Galega . Vigo: Galaxia <p>A profesora fornecerá ao longo do curso, a través da plataforma Moodle, material bibliográfico complementar e outros recursos específicos para cada un dos temas obxecto de estudo nesta materia.</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Para calquera dúbida, poden pórse en contacto coa profesora, persoalmente en horario de atención ao alumnado, ou concertando cita previa no enderezo electrónico: carne@udc.gal



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías